



MELODÍA DE DÍAS USADOS / ANXOS SUMAI

## DESEXO E CULPA

Luns, 16. Un paseo con Siño e con Gus, á caída da tarde. O ceo, cuberto de nubes negras esfarrapadas, parece un teito de morcegos inmobilizados. Ou unha sucia arañeira. Ou o fume dun cigarro detrás de outro, ou a sucidade dunha mala conciencia, ou o po dun espello farto de reflectir espantos. Ou unha lura conxelada. Ou os meus dedos manchados de zume de amoras ó principio do outono.

Nos camiños recenden as roseiras, recende o azar. Un ulido ceiba unha lembranza, como se ceibase un pavo real preso nunha estancia escura. Unha lura que se desconxela e enche a casa de palabras escritas coa súa tinta. As rosas, vermellas, parece que me perseguen todo o tempo que dura o paseo. Pero tamén me perseguen as silveiras, exuberantes, frondosas, cheínas de flores que, en nada, serán amoras.

Ó final do verán iamos buscar amoras, as amoras máis negras e maduras. Acomodabámostas nas nosas saias, a modiño, sen apertalas para que non se estragasen, para que non se volvesen zume antes de tempo. Cando tiñamos unha boa morea acugulada e a roupa o suficientemente sucia como para que as mamás nos desen un par de labazadas, buscabamos un recipiente onde envorcalas e algo, calquera cousa —servía un garabullo ou as nosas mans sucias de terra—, para esmaguchalas e convertelas en viño. Coma os nosos pais facendo viño de uva nos lagares, faciamos nós viño de amoras ó final do verán. E bebiámolo e era delicioso e despois volvíamos á casa, temerosas, cos restos da felicidade tinxindo de morado os focíños, as mans, a roupa. O vermello dos amorodos ou das cereixas era a cor do desexo, transparente, da primavera. O púrpura, o granate ou o negro dos amorodos era a cor da culpa, clandestina, do outono.

